

Ao horizonte

Iso si, só necesito dúas cousas, un bidón de gasolina e unha caixa de mistos. Con isto podería derrubar todas esas árbores que non me deixan ver cara ao horizonte. Esas son as que limitan a miña liberdade, pois nunca fun máis alá delas. Se non estivesen aí, podería marchar dunha vez desta vila, comezar a vivir e deixar atrás esta vida monótona. Estou farto de estar sempre no alto desta muralla e de estar nesta infame situación en contra da miña vontade.

Ao lonxe observo como as tropas se achegan, xa cruzaron as árbores, iso tan só significa unha cousa, estabamos sendo invadidos. A guerra acaba de comezar.

Lucía Fernández Gándara 3ºC